

# Ponto final

## Description

Nese novo ataque de Bagdad hai aspectos que merecen reflexión. Non é admisible que a unha operación de desarme, vixilancia e verificación (UNSCOM), en funcionamento dende hai oito anos, non se lle albisque un final; nin tampouco se pode negar que a principal vítima das sancións internacionais é a propia poboación civil, e non o dictador e o seu cortexo. É inmoral baterse con Sadam Hussein sen importar o padecemento dos propios cidadáns iraquianos.

As ameazas de Estados Unidos, asumindo unha representación da comunidade internacional a todas luces discutible, nin debilitarán o réxime de Sadam, nin favorecen a estabilidade en Oriente Medio, nin benefician a credibilidade de Nacións Unidas. En definitiva, cómpre mudar de estratexia: sobran demostracións bélicas e urxen novas ideas para establecer un punto e final a un conflito que dura demasiado.

*Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012*

### **APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Oriente Medio ARQUIVO

### **IDIOMA**

Galego

### **Date Created**

Novembro 14, 1998

### **Meta Fields**

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 1998-11-14 00:00:00